

BASES PARA UN PLAN GALEGO DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Proposta

Seminario Galego de Educación para a Paz
(Fundación Cultura de Paz)

SEMINARIO DE EXPERTOS

**XXI ENCONTROS DE EDUCACION PARA A PAZ
CONFLITIVIDADE E CONVIVENCIA ESCOLAR**

11 de Marzo de 2006

Santiago de Compostela

Participantes:

Miguel Zabalza Beraza
Joaquín Mora Merchán
Pedro Uruñuela
Manuel Armas Castro
Plácido Blanco Bembibre
Manuel Dios Diz
Maribel Martín
Marosa Gómez Pereira
Francisco Martínez
Xoan Emilio Fresco Calvo
Calo Iglesias
Ramón Sánchez Rodríguez
Moisés Lozano Paz
Elvira Landín Aguirre
José Antonio López Blanco
Carmen Durán
Xavier Sánchez Suárez
Manuel Costa Carneiro
Manuel Rodríguez Cobas
Lois Trigo Martínez

1.- Presentación:

Presentamos esta proposta de **Bases para un Plan Galego de Convivencia Escolar** porque tódolos estudos realizados, ata este momento, no conxunto do Estado e en Galicia (Rosario Ortega, María José Díaz Aguado, J. Mora Merchán, Juan Carlos Torrego, Isabel Fernández, Marta Burguet, Defensor del Menor, Consejo Escolar del Estado, ICE, Miguel Zabalza, Consello Escolar de Galicia, FUHEM, Fundación Encuentro, Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia, entre outros), diagnostican que a violencia entre iguais, o chamado matonismo ou *bullying*, nos centros educativos, sen ser grave, está a merecer unha atención especial e crecente por parte dos distintos sectores da comunidade educativa que, por diferentes medios, teñen manifestado a súa preocupación e sensibilidade sobre esta problemática.

O *Seminario Galego de Educación para a Paz*, pola súa parte, leva traballando insistentemente sobre este fenómeno desde 1985, realizando diversos encontros (*Conflitividade e Convivencia Escolar*, 2001 e 2006) e xornadas sobre o particular, numerosos cursos de formación do profesorado en servizo (*Mediación de conflitos en institucións educativas*), publicando unidades didácticas dirixidas ós docentes, 23 ata a data, sobre outros tantos contidos da Educación para a Paz (*Educación para a paz globalmente; Por unha educación non sexista; Sobre o medo na escola; A educación e a cultura da paz; Sobre a violencia contra a muller; Aprende a convivir; Educar nos afectos, frear a violencia; Violencia e medios de comunicación...*) e unha dúzia de libros como *Educación para a Paz desde o conflito*, de Calo Iglesias (Toxosoutos, Noia, 1999), *Cine para convivir*, de Manuel Dios (Toxosoutos, Noia, 2001); de VV.AA.: *Acción tutorial, transversalidade e resolución de conflitos* (ICE, 2001); ou *A tolerancia* (Toxosoutos, Noia, 1997), por citar algúns dos máis relevantes.

A proposta de **Bases** que presentamos quere propiciar o diálogo e o consenso entre os diversos actores educativos para, xunto coas persoas expertas, e as experiencias desenvoltas nos últimos anos en Galicia, favorecer a elaboración dun proxecto que sexa asumido como propio por toda a comunidade educativa e para que teña logo a concreción legislativa correspondente por parte do goberno galego.

Como sabemos, as distintas administracións educativas, pola súa parte, de acordo coas súas respectivas competencias, especialmente nos últimos anos, están intervindo, con programas diversos de prevención da violencia no sistema educativo e de fomento da convivencia nos centros escolares. A recentemente aprobada *Ley de Fomento de la Educación y la Cultura de la Paz*, a nova materia de *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos*, no marco da LOE, a *Lei Integral contra da violencia de xénero* ou a nova *Lei do Menor...*, teñen que contemplarse, tamén, nese marco xeral de maior atención da sociedade e dos poderes públicos ós novos fenómenos violentos.

Tamén nos últimos anos, distintas CC.AA., o propio MEC, concellos, entidades públicas e privadas, así como organizacións educativas e da sociedade civil, centros escolares concretos, teñen posto en marcha proxectos experimentais, programas, protocolos de actuación, e mesmo plans de convivencia específicos.

Trátase, xa que logo, de sumar esforzos para dar respostas compartidas, conscientes de que a educación para a convivencia, a educación para a igualdade entre homes e mulleres, a educación intercultural, a educación para a paz, en definitiva, os valores cívicos e democráticos, propios dunha Cultura de Paz, son desafíos que a escola non pode obviar si quere, realmente, dar respostas positivas e construtivas ós problemas escolares e sociais do século XXI.

2.- **Diagnóstico e criterios xerais do Plan:**

Compre, xa que logo, un bo e correcto **diagnóstico** da situación da conflitividade e da convivencia escolar en Galicia, coñecer a súa evolución nos últimos anos, os expedientes disciplinarios abertos, a súa distribución territorial e por idades, as causas, así como as medidas de corrección postas en marcha, as liñas de tendencia, para facer logo unha avaliación rigorosa do estado do noso sistema educativo nesta materia e propor prospectivamente medidas integrais de solución e prevención.

Ademais, sería imprescindible consensuar -o máis amplamente posible- entre tódolos sectores da comunidade educativa, sociedade civil, forzas políticas e sociais, os **criterios xerais** sobre os que sentar as Bases dun Plan Integral de Convivencia Escolar en Galicia.

Desde o noso punto de vista debería ser un Plan:

1º.- **Global:**

Trátase de elaborar un *Plan Galego de Convivencia Escolar*, polo mesmo, teríamos que utilizar as competencias plenas de Galicia en materia educativa para poñer en marcha tódolos recursos necesarios e promover os cambios pertinentes nos centros educativos e no profesorado, nos currículos, nas metodoloxías, nas familias, no alumnado e na inspección educativa.

2º.- **Integrador:**

Tería que responder ás expectativas dos distintos sectores da comunidade educativa e dos seus representantes, contar coa súa colaboración e participación, buscando os máximos apoios para un Plan que debe responder ás demandas sociais e do sistema educativo do século XXI.

3º.- **Co máximo rango lexislativo posible:**

Desde o noso punto de vista un Plan destas características tería que ter un apoio lexislativo do máximo rango posible, é dicir, unha Lei do Parlamento de Galicia que comprometera a toda a sociedade e ós seus representantes coas medidas acordadas no citado Plan.

4º.- **Dotado orzamentariamente:**

Trátase loxicamente de que o Plan vaia acompañado dunha **Memoria Económica** para que conte co respaldo orzamentario imprescindible e sobre a base dunha **temporalización** mínima non menor de cinco anos.

5º.- **Ilusionante e esperanzado:**

Para que un proxecto desta envergadura teña viabilidade práctica real, particularmente, nos centros educativos, ten que acadar que os seus principais protagonistas, o profesorado, se sinta respaldado institucionalmente por unha administración educativa comprometida plenamente, para que a ilusión e a esperanza sirvan de elemento mobilizador das persoas docentes nos colexios e institutos de Galicia.

6º.- **Educativo:**

Sen dúbida que un Plan de Convivencia Escolar, para non caer na impunidade, ten que especificar e desenvolver medidas de carácter disciplinario, protocolos de actuación diante dos agresores, das vítimas e dos espectadores da violencia escolar. Sen embargo, desde o noso punto de vista, son as propostas de carácter educativo, as que deben centrar o marco xeral das actuacións. Deberanse concretar tamén as medidas disciplinarias para aqueles casos de non modificación de conduta.

7º.- **Con vocación de permanencia:**

Xa manifestamos que un Plan destas características ten que contemplar un período mínimo de vixencia de cinco anos, avaliable e modificable, loxicamente, mais debe considerarse unha clara vocación de permanencia para ir abordando, de maneira positiva e construtiva, os cambios que a propia evolución educativa e social introduza.

8º.- **Dignificador:**

A imaxe pública do profesorado merece das administracións educativas a maior consideración. A realidade dos centros escolares ten pouco que ver co que habitualmente publican os medios de comunicación, especialmente, en materia de conflictividade e convivencia escolar. A dignificación social da profesión docente e educadora tería que ocupar un lugar prioritario á hora de motivar e comprometer ó profesorado co citado Plan. Pola súa parte, o recoñecemento social e polas administracións educativas do esforzo realizado polos docentes no fomento da convivencia escolar sería, tamén, imprescindible.

9º.- **Avaliable:**

Sen dúbida a avaliación periódica do Plan será a mellor maneira de adecuar as medidas deseñadas coa propia realidade. En consecuencia faise imprescindible a creación dunha **Comisión de Avaliación** do Plan, de carácter independente, formada por expertos e representantes da comunidade educativa, do Consello Escolar de Galicia, e outras institucións, para que, periodicamente, analicen a súa posta en marcha e propoñan as correccións necesarias.

10º.- **Sensibilizador:**

A sensibilización obxectiva da sociedade sobre esta problemática, sen alarmismos, sen caer no sensacionalismo morboso, informando sobre a conflictividade e

a convivencia, de maneira positiva, construtiva, esperanzada, particularmente, ás familias, ós pais e ás nais, sobre a súas responsabilidades, das súas potencialidades na prevención e na detección precoz do matonismo, así como da relevancia da educación afectivo emocional como mellor antídoto contra da violencia, deberá ocupar, tamén, un lugar central na divulgación do Plan Galego de Convivencia Escolar.

11.- Interdisciplinar e cooperativo:

Trátase de que tanto o Plan Galego de Convivencia Escolar como os respectivos Plans de Centro sexan o resultado dun traballo interdisciplinar, vinculando e comprometendo ó profesorado das distintas áreas e materias, froito, non só, do traballo en equipo senón tamén cooperativo como mellor garante da súa eficacia.

12.- Interinstitucional:

Do mesmo xeito, desde a convicción de que os problemas de convivencia teñen unha orixe múltiple e complexa, a súa prevención e intervención ten que apelar á colaboración estable interinstitucional, especialmente, aquelas que están máis directamente interpeladas pola problemática da violencia escolar, é dicir, educación, saúde, xustiza e interior, servizos sociais centrais, atención a menores, no seu caso, así como ós responsables municipais destas mesmas áreas.

14.- Adaptado a cada realidade:

A incidencia dos problemas de convivencia non ten a mesma distribución territorial e xeográfica, mesmo nos afecta por igual ós centros existentes nunha mesma cidade ou vila. En consecuencia, o Plan terá que establecer prioridades, incidir máis naquelas zonas naqueles centros que máis o necesiten.

3.- Clarificando conceptos:

Quizás con demasiada frecuencia confundimos conceptos que non son equiparables, de tal maneira, que o conxunto da opinión pública, o profesorado, os pais e as nais, en moitas ocasións, identificamos problemas e fenómenos de características, orixe, etioloxía, ben distintas.

Fenómenos como os conflitos e a conflitividade, os diversos tipos de violencia, a indisciplina, os comportamentos disruptivos, o matonismo (o bulling), o acoso escolar, a agresividade, a competitividade, o abuso, a intimidación, as ameazas... aparecen moitas veces utilizados indistintamente entre o profesorado e polos medios de comunicación cando, en rigor, son conceptos claramente diferenciados.

Compre, xa que logo, non caer en xeneralizacións, aprender a matizar e a diagnosticar correctamente, co obxecto de promover as medidas correctoras mais axeitadas.

Existen moitas definicións de **violencia**, tantas como tipos. Os autores (Galtung, Lederach,...) coinciden en resaltar que as condutas que agriden física ou psicolxicamente a alguén, aquelas que pretenden causar dano, teriamos que

identificalas como violentas. Son moitos os tipos, matizacións conceptuais sobre a violencia, a directa, a física, a psicolóxica, a estrutural, a simbólica, a de xénero... mesmo fenómenos que noutras épocas non eran percibidos como violencia, hoxe, por sorte, son considerados, socialmente, intolerables.

Cando falamos de **conflicto** e de conflitividade tendemos a consideralo de maneira negativa porque, habitualmente, confundimos os conflitos en si mesmos, coa maneira en que tradicionalmente os resolvemos, é dicir, coa forza, coa imposición, coa dominación, coa violencia ou coa guerra, no peor dos casos. Os conflitos existiron, existen e existirán sempre, son o resultado de diferenzas de criterios, de aspiracións, de proxectos, de desexos entre persoas, grupos ou nacións. A clave non está en negalos senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, do entendemento, da negociación, do acordo. Os conflitos, así entendidos, non son algo a ver con resignación ou temor senón como un reto, como un desafío, como algo que temos que afrontar, mesmo os conflitos poden servir, nalgúns casos, como instrumentos de cambio positivo e de transformación social.

Nalgunhas ocasións os conceptos de conflito e o de violencia non se matizan, confúndense, é dicir, a violencia, patoloxía do conflito, identifícase con el, cando sabemos que un conflito pode e debe resolverse, de forma non violenta. Mesmo tendemos a considerar, a forza de escoitalo e repetilo, que a violencia é “natural” ós seres humanos. Nada máis lonxe da realidade científica. A **agresividade**, como estado de alerta diante do perigo, real ou ficticio, si podemos considerala como innata. Sen embargo, a violencia apréndese, é o resultado dunha longa aprendizaxe, con actores moi diversos. Polo mesmo, a violencia tamén podemos desaprendela e a convivencia ensinala e aprendela.

A agresividade, como dixemos, é un concepto utilizado pola psicoloxía para definir ese estado de atención, de alerta, diante dos perigos, pero que non podemos confundila cunha agresión concreta, na que se produce dano, destrución ou humillación do outro. Polo mesmo, agresividade e agresión violenta distínguense, esencialmente, pola produción ou non de dano.

Referíndonos á chamada **violencia escolar**, á violencia entre iguais, ó matonismo, ou o *bulling*, deberíamos analizar as situacións de acoso, de intimidación ou de victimización, cando un alumno ou unha alumna resultan agredidos, física e/ou psicoloxicamente, de forma reiterada, por outro alumno ou por un grupo.

Debemos ter en consideración que a violencia escolar conleva aparelado, ademais, un triángulo inevitable formado polos **agresores**, as **vítimas** e os **espectadores**, tres grupos distintos que merecen e necesitan, á súa vez, protocolos e tratamentos educativos diferenciados.

4.- A convivencia apréndese:

A convivencia e a súa educación son un valor en si mesmo. Non podemos entendela so como unha necesidade reactiva derivada dos problemas que poidan existir senón que a procura da convivencia democrática é un obxectivo constitucional e do noso propio estatuto de autonomía e figura como obxectivo máximo das distintas leis

educativas. Educar para a convivencia é tamén unha demanda cidadá, así se expresa como unha das súas máis importantes preocupacións.

E a convivencia aprendémola interactuando, compartindo vivencias xuntos, fomentando as boas relacións interpersoais, dialogando, escoitando activamente, participando, comprometéndose, asumindo responsabilidades, compartindo propostas, discutindo, intercambiando ideas e opinións diferentes, disentindo, acordando, atopando aspectos comúns, reflexionando, producindo pensamento, construíndoa cada día...

Require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo, tempo necesario para o seu deseño, para a súa aplicación, para probar e modificar, faise cada día, nunca está rematada, non ten receitas infalibles, trátase de suxerir, de propor, facilitar espazos e momentos de encontro, de participación, na aula e fora dela, tendo moi presente que a aula é un espazo privilexiado para construír a convivencia na escola, para construír as relacións persoais e sociais, para aprender xestos e rituais, comportamentos, actitudes e valores.

5.- Cambios nos centros educativos e no profesorado:

Un **Plan Integral de Convivencia Escolar** que, de maneira efectiva, preveña contra da violencia escolar debe conlevar, sen dúbida, cambios nos centros educativos e no profesorado, mesmo nos modelos de organización escolar, tamén na formación inicial e permanente, nos equipos directivos, nos servizos de orientación, nas titorías..., e ten que procurar involucrar a tódolos sectores, así como comprometerse explicitamente no Proxecto Educativo do Centro, nas Normas de Convivencia e nos Regulamentos de Réxime Interno, complementar a Carta de Dereitos e de Obrigas, promover a xestión democrática, para que, efectivamente, contribúa a mellorar significativamente a calidade da convivencia e da educación.

En calquera caso, os cambios propostos non poderán suplantar, loxicamente, a ningún dos órganos de goberno, órganos de participación, control, xestión ou coordinación docente, senón que, polo contrario, facilitarán o desenvolvemento das súas funcións.

Na actualidade, desde moi distintos ámbitos, se recoñecen as eivas na **formación inicial do profesorado**, particularmente, en relación coa educación nos valores cívicos e democráticos, nos dereitos humanos, na interculturalidade e na educación para a igualdade entre homes e mulleres, e na prevención e solución pacífica de conflitos, por citar algúns dos contidos formativos que necesitarían un reforzo relevante nas Facultades de Educación e nas Escolas de Maxisterio. Existe, á súa vez, unha percepción xeneralizada sobre da existencia de moi poucas prácticas nas escolas dos futuros docentes. As carencias son moito maiores se nos referimos ós contidos do **Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP)** que realizan os licenciados como requisito para incorporarse á docencia.

En consecuencia, un Plan Integral de Convivencia Escolar non debería obviar a urxencia e a necesidade de intervir na modificación dos Plans de Estudos das Facultades de Educación, na liña apuntada, así como nos proxectos de reforma do CAP.

Tamén a **formación do profesorado en servizo**, desde este punto de vista, necesitaría unha reforma significativa, tanto nos contidos como na súa propia impartición, preferenciando a formación nos propios centros de traballo, insistindo non só na formación teórico práctica senón na elaboración e posta en marcha de plans e protocolos concretos de actuación axeitados en cada colexio e instituto, sobre a base da propia realidade de cada centro, da dinamización das Comisións de Convivencia e do desenvolvemento de proxectos de sensibilización de toda a comunidade educativa, en colaboración directa cos centros de formación do profesorado e no marco dos Plans Anuais de Formación, apoiando, cos recursos necesarios, a innovación educativa neste campo. Cursos de Formación sobre mediación de conflitos en institucións educativas deberan organizarse con carácter inmediato en tódolos centros de formación e nos seus respectivos anexos, así como Obradoiros de Convivencia.

Sería conveniente, ademais, a elaboración dun **Manual de Convivencia** e unha **Guía** dirixida ó profesorado. Así como o incentivo e a difusión ás “**boas prácticas escolares**” e á innovación educativa neste campo.

Por último, neste apartado referido á formación, deberían programarse actividades formativas de sensibilización dirixidas ó **persoal non docente** dos centros ó que compre tamén implicar decididamente no fomento da convivencia.

Os **equipos directivos**, pola súa parte, teñen un papel moi relevante na promoción, dinamización e posta en marcha dos Plans de Convivencia en cada centro e na súa correspondente incorporación á Programación Xeral Anual. En consecuencia, a Consellería de Educación debería deseñar un proxecto concreto de formación dirixido ós equipos directivos dos centros, cunha formación específica, nesta materia. Debería funcionar unha Comisión de Convivencia en cada Centro como órgano regulador das medidas a adoptar en cada caso de conflito de convivencia. Este órgano debería formar parte do Consello Escolar, con representantes de toda a comunidade educativa e contar tamén coa presenza do titor ou titora do alumnado que está na orixe da conduta de non convivencia.

Os **servizos de orientación** psicopedagóxica existentes nos centros educativos deberían, pola súa parte, colaborar activamente cos equipos directivos e co profesorado no deseño de propostas e medidas concretas de actuación no marco do respectivo Plan de Convivencia, de mellora do clima escolar, de apoio e orientación ó conxunto do profesorado sobre a mediación de conflitos, intervir co titor ou titora sobre o alumnado agresor, vítima ou espectador, con medidas educativas e de protección dos dereitos da vítima. Os servizos de orientación deberán colaborar e coordinarse lóxicamente coa Comisión de Convivencia creada no marco do Consello Escolar. Considérase oportuna a creación nos servizos de orientación dun asesor especializado en convivencia escolar.

A **titoría** ten que ocupar un lugar central na prevención da violencia entre iguais e no fomento da convivencia escolar. Compre, xa que logo, definir moi ben as súas competencias nesta materia, os horarios imprescindibles, as funcións, e comunicación entre os titores (co-titorización), así como os incentivos económicos e profesionais necesarios para potenciala, desde a educación infantil ata a secundaria e o bacharelato. Trátase de impulsar a figura do titor como educador ou educadora para a convivencia e a mediación de conflitos porque o titor ou a titora están chamado a ocupar o lugar central neste proceso.

Tal e como dixemos anteriormente, consideramos moi urxente a posta en marcha das **Comisións de Convivencia e Mediación** en cada centro educativo, no marco do Consello Escolar, e nas que estean representados tódolos sectores da comunidade educativa, con funcións non simplemente disciplinarias, senón educativas e mediadoras, nas que teña un papel significativo o propio alumnado, e nas que se analicen as experiencias de aula e os conflitos, para facer propostas positivas e construtivas, de solución. Con carácter previo deberá promoverse unha formación específica, o máis completa e diversificada posible, de formación de mediadores e mediadoras (profesorado, alumnado e mesmo axentes externos ó centro, no seu caso).

O **Proxecto Educativo do Centro**, as **Normas de Convivencia**, os **Regulamentos de Réxime Interno**, e os catálogos de dereitos e de obrigas teñen que incorporar, entre os seus obxectivos e fins a procura da convivencia escolar e medidas concretas de prevención da violencia entre iguais, deben explicitar procedementos de intervención e **Protocolos** concretos de actuación que permitan identificar e detectar con tempo suficiente os distintos fenómenos de violencia que puideran producirse, con modelos de actuación diante de situacións de acoso e de intimidación, de rexistro de casos nunha base centralizada, así como recomendacións dirixidas a pais e a nais sobre os distintos indicadores e tests de detección temperá da violencia escolar. Neste sentido, compre axilizar tamén os procedementos e aplicar, no ámbito educativo, a experiencia dos **xuízos rápidos**, da conciliación e da mediación.

En calquera caso, desde o noso punto de vista, os **Protocolos** deberan ser: educativos, non sancionadores exclusivamente, proporcionados, non punitivos, rápidos de aplicar, sinxelos, eficaces, con garantías e que axuden a mellorar as condutas e non a empeoralas

Compre tamén propiciar modelos flexibles de organización escolar e de agrupamentos do alumnado que faciliten os tempos e os espazos para reflexionar sobre a convivencia escolar, **xestionar democraticamente a convivencia**, mesmo a creación dunha **Aula de Aprendizaxe da Convivencia** onde persoal especializado, non só docentes, senón tamén asistentes sociais do Concello, psicopedagogos, psicoterapeutas..., atendan ó alumnado máis necesitado de axuda e protección. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debería comprometerse a facilitar os recursos económicos e humanos para o funcionamento das citadas aulas.

O tamaño dos centros e as ratios son, sen dúbida, factores que facilitan ou dificultan a convivencia escolar. Cumpriría establecer límites claros e desbotar modelos de macrocentros escolares, con excesiva matrícula e ratios demasiado elevadas, especialmente, se contan coa presenza de alumnado con especial dificultade ou risco, así como aqueles que concentran, nos mesmos espazos e tempos, alumnado con idades moi diferenciadas.

Por último, en relación cos programas de calidade dos centros educativos e a eficiencia, habería que incorporar, como criterio, a educación en valores e a mediación de conflitos como parámetros relevantes á hora de outorgar certificados de calidade ISO.

6.- Cambios nos currículos:

Cando falamos de educación para a convivencia, de prevención da violencia entre iguais e dos cambios que propomos nos contidos curriculares estamos a referirnos ó chamado **currículo da non violencia** que ten como base principal a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, así como os contidos, obxectivos e actividades que, nos últimos anos, a educación para a paz, veu desenvolvendo no tratamento dos conflitos, é dicir, o traballo cooperativo, o método socioafectivo ou sociocrítico, a educación afectivo emocional, o clima escolar e o currículo oculto, a empatía, autoestima, as habilidades sociais básicas, a interculturalidade, a igualdade entre homes e mulleres, a cidadanía democrática, a tolerancia, a educación audiovisual, en definitiva, os valores propios da Cultura da Paz.

Son moitos os recursos didácticos, os manuais e as experiencias que na actualidade existen, en Galicia, no Estado e a nivel internacional, a disposición do profesorado para elaborar e complementar os contidos dun programa de educación para a convivencia, algúns deles, os aportamos na bibliografía, entidades e recursos *on line* que figuran no final desta proposta.

7.- As familias:

Como sabemos, os mellores antídotos contra da violencia constrúense, construímoslos na familia. Son os pais e as nais, nos primeiros anos de vida, os que van conformando o que Juan Rof Carballo denominou a “urdime afectiva”, o mapa dos afectos e dos sentimentos, a cartografía das emocións, como mellores antídotos contra da violencia.

A participación escolar das familias está recoñecida como un factor clave de calidade e reiteradamente insistimos, desde o profesorado e desde as administracións educativas, na relevancia da familia á hora de detectar e prever a violencia. Sen embargo, en moitas ocasións estas declaracións non revelan máis que boas intencións. Compre apoiar ás familias para que teñan instrumentos formativos e de detección destas condutas, facilitar a súa participación en colaboración cos centros con medidas económicas e laborais de conciliación da vida familiar e laboral que realmente posibiliten a súa participación, promover, dotar e apoiar ás escolas de pais e de nais, poñer en marcha campañas de sensibilización social sobre a convivencia que impulsen a asunción das responsabilidades familiares na detección e prevención da violencia.

Deberá promoverse e facilitarse a necesaria coordinación cos servizos sociais, sanitarios, educativos, culturais e policiais, no seu caso, das respectivas administracións locais.

8.- O alumnado:

Durante moito tempo temos insistido, desde moi distintas instancias, na importancia dos dereitos, das persoas, dos nenos e das nenas, pero con relativa frecuencia fomos deixando en un lugar secundario a idea de que para exercer os dereitos temos que cumprir con determinadas obrigas ou responsabilidades. De tal maneira que o alumnado reclama constantemente dereitos e esquece, con frecuencia, os deberes ou as

obrigas, aspectos sobre os que, sen dúbida, temos que insistir moito máis en tódolos ámbitos.

O alumnado ten que participar activamente na elaboración das normas de convivencia, elixir a súa representación, construír a democracia na escola, actuar nas asembleas de aula e como axudante na integración e na mediación, como axente de prevención, como colaborador imprescindible na protección das vítimas da violencia, na axuda e na tolerancia cero cos agresores e cos espectadores da violencia, así como un elemento clave na educación e na reeducación dos compañeiros.

9.- A inspección educativa:

Os servizos de inspección educativa están chamados a xogar un papel determinante na detección, na axuda e na colaboración, na dinamización, así como na intervención, diante de casos de violencia escolar e de fomento da convivencia, no asesoramento e colaboración co profesorado, para o que serían tamén imprescindibles as directrices nesta materia e os plans de formación específicos. Considérase necesaria a figura dun inspector ou inspectora especializado en convivencia escolar.

10.- Observatorio da Convivencia Escolar:

Entre as medidas que máis repercusión pública tiveron nos últimos anos en relación coa violencia, de distintos tipos foi, sen dúbida, a creación de diversos Observatorios sobre a violencia (de xénero, etc.) con ámbitos (Unión Europea, Euskadi...), composicións, competencias e funcións diferentes segundo os casos, con dotacións humanas e materiais, financiamento, e tamén con resultados variables, aínda que, desde logo, contribuíron á unha crecente sensibilización social e dinamizaron proxectos e propostas de prevención, por exemplo, o Observatorio para a Convivencia Escolar da Comunidade Valenciana, por citar algún que está funcionando desde fai dous anos.

En calquera caso, parece conveniente a posta en marcha dun **Observatorio sobre a Convivencia Escolar** en Galicia e dunha **Comisión Galega de Convivencia Escolar** de carácter mixto, que involucre, ás distintas consellerías e direccións xerais ou secretarías relacionadas con esta problemática (Educación, Xuventude, Muller, Sanidade, Xustiza, Interior...), cunha composición plural, na que participen persoas expertas, representantes da comunidade educativa, etc. con competencias e funcións claras e cunha dotación material, humana e económica razoable.

Nese marco podería ter tamén interese a creación dun **teléfono da amizade** no propio Observatorio que respondera ás demandas de información, asesoramento, denuncia que puideran trasladar os afectados e interesados en xeral.

No mesmo Observatorio podería centralizarse un **Directorio de Persoas Expertas** que tamén puideran axudar, colaborar, intervir, mediar... como Comité Asesor dos Centros Educativos que o demandaran, de carácter formativo, xurídico, mediador ou psicolóxico.

O Observatorio da Convivencia Escolar en Galicia podería investigar e elaborar **informes bianuais** e facer propostas concretas para mellorar o Plan Galego de Convivencia Escolar.

As **Funcións** do Observatorio Galego de Convivencia Escolar (OGCE) poderían ser, entre outras, as seguintes:

- Impulsar a creación de sistemas de información centralizada que faciliten a recollida, análise e a avaliación da situación en relación coa conflictividade e a súa evolución, a difusión dos datos, así como daquelas experiencias e boas prácticas existentes nos centros educativos e o asesoramento ós mesmos.
- Recadar informacións sobre medidas e actuacións postas en marcha polas distintas administracións co obxecto de prever, detectar e erradicar a violencia nos centros educativos.
- Investigación e estudo da convivencia.
- Propor medidas preventivas e de intervención en distintos ámbitos como os formativos, difusión de modelos de convivencia, estratexias de resolución e mediación de conflitos.
- Orientación ós distintos sectores da comunidade educativa nas materias propias do Observatorio.
- Realizar un Informe bianual sobre a evolución da convivencia nos centros educativos e da efectividade das medidas implementadas.

A **Composición** podería ser así:

- Paritario, entre homes e mulleres..
- Presidencia: A Conselleira.
- Vicepresidencia.
- Vocais (representacións interinstitucionais, expertos, da comunidade educativa, entidades representativas...).

O seu **Funcionamento** sería o seguinte:

- En Pleno, Comisión Permanente e Comisións de Traballo.

A **Periodicidade** das reunións:

- O Pleno reunirase dúas veces ó ano.
- A Comisión Permanente cantas veces sexa necesaria.
- As Comisións de Traballo segundo as súas necesidades.

Tería tamén moito interese a creación dunha **páxina web** dedicada, exclusivamente, á conflictividade e á convivencia escolar, actualizada e ben dotada de materiais e recursos, bibliografía, experiencias, etc.

Por último, o Observatorio tería que estar tamén en relación coa Comisión Técnica de Seguimento da Formación do Profesorado.

11.- Os Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos e sen violencia:

Como sabemos, mozos e mozas de diferentes países da Unión Europea elaboraron uns Estatutos para os centros educativos democráticos sen violencia que compre ter moi presentes. Son sete grandes principios, de carácter xeral, ben útiles á hora de deseñar e poñer en marcha plans de convivencia escolar.

Son os seguintes:

1º.- Tódolos membros da comunidade educativa teñen dereito a un centro seguro e sen conflitos. Cada individuo ten a responsabilidade de contribuír á creación dun ambiente positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.

2º.- Todos teñen dereito a ser tratados e respectados por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión, lingua, etc.). Todos gozan de liberdade de expresión sen riscos de discriminación ou represión.

3º.- A comunidade educativa garante que tódolos seus membros coñecen os seus dereitos e responsabilidades.

4º.- Cada centro educativo democrático posúe un órgano de toma de decisións elixido democraticamente e composto por representantes dos estudantes, profesorado, pais e nais, e outros membros da comunidade educativa, segundo proceda. Tódolos membros deste órgano teñen dereito de voto.

5º.- Nun centro educativo democrático, os conflitos resólvense en estreita colaboración con tódolos membros da comunidade educativa, dunha maneira construtiva e sen violencia. Todo centro educativo ten persoal e alumnado preparado para prever e solventar os conflitos por medio de actuacións de mediación e consenso.

6º.- Todo caso de violencia é investigado e tratado coa maior rapidez posible, e é examinado en profundidade xa sexan alumnos ou calquera outros membros da comunidade educativa os implicados.

7º.- O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.

12.- O Valedor do Menor de Galicia:

En diversas ocasións temos demandado a creación da figura do Valedor do Menor en Galicia, unha figura de carácter institucional, xurídica, que existe xa en distintas CC.AA. como mellor defensor dos dereitos e intereses dos menores.

Sabendo que existe un compromiso expreso por parte do goberno galego de poñelo en marcha -con carácter inmediato- non nos cansamos de insistir sobre a importancia e a urxencia de que a citada figura conte cos recursos e a dotación necesaria

para facer realidade as súas competencias e que, sen dúbida, deberan estar en plena sintonía e relación co Plan Galego de Convivencia Escolar.

13.- O Plan de Convivencia en cada centro educativo:

- Resultado da investigación e do coñecemento da propia realidade do centro (características, entorno, ubicación, alumnado, equipo docente, espazos, conflitos máis frecuentes, formas de resolvelos, causas, implicados, respostas do centro, grao de implicación dos distintos sectores da comunidade educativa, relación coas familias e os servizos externos ó centro, sociais, sanitarios, etc., experiencias e traballos previos, necesidades de formación e recursos...).
- Diversificado, que incida onde máis se precisa, grupos.
- Con atención individualizada no seu caso
- Con obxectivos, para conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminacións, fomentar a implicación dos distintos sectores da comunidade educativa, a participación como factor de calidade, prever conflitos...
- Xeral e Concreto
- A Aula de Aprendizaxe da Convivencia
- Consensuar as normas de aula
- Que vincule a tódolos sectores
- Dereitos e deberes do alumnado, do profesorado, do centro.
- A Comisión de Convivencia e Mediación
- Os protocolos de actuación
- As medidas sancionadoras e reeducativas
- A mediación escolar
- A formación no propio centro
- As relacións cos distintos sectores da comunidade educativa
- A colaboración interinstitucional

14:- Medidas máis concretas:

- Dedicar a primeira semana de clases no inicio de cada curso escolar a recordar, actualizar, divulgar, difundir... o Plan de Convivencia entre os distintos sectores da comunidade educativa do centro, recoller propostas, suxestións, críticas... co obxecto de modificar e adaptalo ás novas circunstancias si fose necesario, mesmo poñer en marcha Plans de Acollida do novo alumnado.
- Establecer mecanismos de mellor coordinación entre o profesorado de Primaria e o de Secundaria Obrigatoria nos centros onde coincidan e entre colexios e institutos no caso contrario co obxecto de compartir criterios en relación coa convivencia.
- Homoxeneizar e pactar entre o profesorado os niveis de esixencia, tratamento e relación co alumnado.
- Plans de formación no propio centro diversificados, que teñan repercusión posterior na dinámica do centro e nas aulas, para equipos directivos, profesorado, titores, persoal non docente, persoal de comedor, no seu caso, familias.

- Adaptar o currículo, diversificar e atender os grupos ou casos máis difíciles con profesorado sensibilizado voluntario ó que se lle facilite a súa dedicación, a escolarización combinada e a garantía social.
- Flexibilizar a organización do centro, nos horarios, nos tempos, nos agrupamentos, optativas, nas titorías, nas actividades, na dotación de profesionais necesarios..
- A importancia da educación afectivo emocional.
- Establecer a hora de titoría en educación infantil e primaria dotándoa economicamente.
- Formar persoas de referencia nos centros en relación coa convivencia, con aptitudes para o diálogo e a mediación de tódolos sectores (profesorado, alumnado, pais e nais).
- Atender e salvagardar a responsabilidade civil do profesorado, asesoramento e apoio legal en caso necesario, respaldo institucional, garantías de asistencia xurídica eficaz a tódolos profesionais do ensino.
- Regular un Coordinador de Convivencia na Comisión de Convivencia.
- Establecer asesores de convivencia nos cefores.
- Crear un servizo de inspección especializado en convivencia.
- Establecer un especialista en convivencia nos servizos de orientación.
- Actualizar e mellorar incentivando as formas de participación de pais e nais para garantir un maior compromiso.
- Actualización e revisión dos sistemas de sancións buscando unha maior eficacia e insistindo no seu carácter educativo.
- Redución de ratios onde sexa necesario, reforzo dos departamentos de orientación, estabilización das plantillas, creación de novos perfís profesionais, atención ó alumnado inmigrante...
- Crear a Comisión de Convivencia en tódolos centros no marco do Consello Escolar con funcións de prevención, mediación e corrección de condutas contrarias á convivencia.
- Apertura dos centros ó entorno para facilitar unha maior implicación das familias e dos concellos co obxectivo de mellorar o clima de centro.
- Colaborar activamente con outras institucións implicadas como son os concellos, os servizos de saúde, asistencia social, de seguridade, etc.
- Elaborar guías de boas prácticas e materiais de apoio.
- Programas de controis de asistencia e comunicación coas familias.
- Materiais educativos en estratexias de mediación e recursos, de detección temperá dos problemas de convivencia...
- Cursos de formación nos propios centros en temas de convivencia e mediación escolar.
- Actividades de formación permanente para o profesorado en habilidades sociais e técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Incorporar ó PEC o Plan de Convivencia

Recursos e bibliografía sobre conflictividade e convivencia, entidades e páxinas web en Internet.

- a) Galega.

- b) Castelán.
- c) Internacional.

11 de Marzo de 2006

